

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Convenio colectivo da empresa Augas Municipais de Arteixo, SA (Augarsa)

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa AUGAS MUNICIPAIS DE ARTEIXO, SA (AUGARSA) (código convenio 1504562), que tivo entrada neste Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar o día 08.04.2010, complementado o 30.04.2010 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polo delegado de persoal o día 26.03.2010, de conformidade co disposto nos artigos 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e o Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, este Departamento Territorial

ACORDA:

PRIMEIRO.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante neste Departamento Territorial, e notificación á representación económica e social da comisión negociadora.

SEGUNDO.—Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.—Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 12 de maio de 2010.

O xefe territorial de Traballo e Benestar

Luis Alberto Álvarez Freijido

CONVENIO COLECTIVO DE AUGAS MUNICIPAIS DE ARTEIXO, S.A. (AUGARSA)

ANOS 2010

Artigo 1.—Ámbito de aplicación.

O presente convenio colectivo será de aplicación a todo o persoal da empresa "AUGAS MUNICIPAIS DE ARTEIXO, S.A." (AUGARSA).

Artigo 2.—Ámbito temporal.

Este convenio entrará en vigor á data da súa sinatura, tendo efecto económico dende o 1 de xaneiro do 2010 sea cal fose a data da súa publicación. Terá unha vixencia de UN ANO, que finalizará o 31 de decembro do 2010, considerándose a partir de entón prorrogado de ano en ano, se non fose denunciado con dous meses de antelación ó remate da súa vixencia inicial ou prorrogada.

Artigo 3.—Denuncia.

A denuncia deste convenio deberá efetuarse por escrito ante a autoridade laboral e a outra parte asinante, segundo o previsto en canto ó prazo no artigo anterior. No caso de non ser denunciado prorrogarase automaticamente experimentando un incremento salarial do IPC previsto, ate a súa negociación.

Artigo 4.—Comisión mixta interpretativa do convenio.

Cantas dudas xurdan en relación coa interpretación do convenio serán sometidas á comisión paritaria que estará constituída por UN representante designado polos traballadores e UN representante designado pola dirección da empresa, que houberan formado parte da comisión negociadora do convenio.

Tódolos conflitos tanto individuais como colectivos que puidesen xurdir durante a vixencia do presente convenio, deberán someterse, como trámite previo e preceptivo, a ditame desta comisión.

Ámbalas dúas partes poderán incorporar asesores.

Artigo 5.—Clasificación funcional.

Os traballadores que presenten a súa actividade no presente convenio colectivo serán clasificados en atención a súas aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación. Esta clasificación realizarase en grupos/categorías profesionais.

A título meramente enunciativo as categorías profesionais nas que deben estar encadrados os traballadores acollidos a este convenio serán

PERSOAL TÉCNICO ADMINISTRATIVO

Xefes de servizo

Son os que posuindo a capacidade e coñecementos adecuados, teñen delegada baixo o seu mando e responsabilidade, a dirección ou inspección (ou ámbalas dúas funcións) da explotación.

Oficiais de primeira administrativos.

Son os empregados que, con perfecto coñecemento do traballo de categoría inferior e ás ordes dun xefe ou oficial, desenvolven traballos de máxima responsabilidade, tales como confección de nóminas, control e liquidación de efectos ó cobro, operacións de contabilidade, transcripción a libros ou outros medios, organización de arquivos ou ficheiros e demais traballos auxiliares.

Oficiais de segunda administrativos.

Son os empregados que, con perfecto coñecemento do traballo de categoría inferior e ás ordes dun xefe ou oficial, desenvolven traballos de mediana responsabilidade, tales como confección de nóminas, control e liquidación de efectos ó cobro, operacións de contabilidade, transcripción a libros ou outros medios, organización de arquivos ou ficheiros e demais traballos auxiliares.

Auxiliares administrativos.

Son os que axudan ós seus superiores en traballos de tipo administrativo en calquera das súas facetas, posuindo coñecementos de carácter burocrático, tales como ofimáticos en xeral, manexo de máquinas de calcular, cálculo numérico, manipulación de efectos e documentos, xustificantes, custos e preparación de recibos e cargos, etc.

Lectores.

Son os que anotan o consumo sinalado polos contadores dos abonados nos rexistros da empresa ou entidade e libretas ou outros medios que constan en poder daqueles, realizando o conxunto de operacións de restas, renovación de libretas de abonados e similares, que consonte as normas e costumes propios da organización de cada empresa, son necesarias e oportunas para proceder á ulterior facturación de subministracións, debendo dar conta ós seus superiores das anomalías que observen con motivo das lecturas de contadores.

Cando non realicen o seu traballo normal de lectura poderánselles encomendar na oficina traballos de repaso, comprobación e similares do conxunto de operacións que constitúen o seu labor habitual, e poderán efectuar entrega de correspondencia ou notificacións relacionadas coas subministracións.

PERSOAL OPERARIO

Oficiais de primeira.

Son os que posuindo un oficio determinado o practican e aplican con tal grado de perfección que non só lle permiten levar a cabo os traballos xenerais do seu oficio, senon aqueles outros que supoñen especial empeño e delicadeza dentro de él, con coñecemento completo dos traballos de taller, das instalacións de produción das redes de distribución e saneamento; coidan do seu cumprimento e dirixen persoalmente os traballos do persoal obreiro, con perfecto coñecemento das súas tarefas que os mesmos efectúan, sendo responsables da súa disciplina, seguridade e rendemento, así como da perfecta execución do traballo.

Oficiais de segunda.

Integran esta categoría aqueles operarios que, sen chegar á especialidade esixida para o traballo máis perfecto, executan coa suficiente corrección e eficacia tarefas de carácter xeral ou específicas nos talleres, nas instalacións de produción ou nas redes de distribución e saneamento.

Este persoal poderá estar actuando ás órdes de persoal de superior categoría, ou ter o seu cargo persoal de categoría inferior cando o cometido asignado non sexa de maior responsabilidade.

Oficiais de terceira.

Considéranse como tales os que, coa formación profesional elemental das funcións que integran un oficio, executan os traballos dacordo coa referida formación, baixo a dirección ou encargo dun superior.

Peóns especialistas.

Son os empregados que con determinados coñecementos dunha especialidade a executan e axudan ós oficiais.

Peóns.

Desempeñan actividades rutinarias na empresa que non precisan formación específica.

Artigo 6.–Mobilidade funcional.

Co gallo de obter unha optimización dos recursos humanos necesarios, ámbalas dúas partes acordan o principio de mobilidade que so será posible se existisen razóns técnicas ou organizativas que a xustifiquen e polo tempo imprescindible para a súa atención, dacordo co establecido nas disposicións legais e no presente convenio.

a) Se a mobilidade implicase a realización de traballo de superior categoría, o traballador afectado percibirá as retribucións do posto de destino dende o primeiro momento, no caso de que o cambio de posto de traballo supere os catro meses durante un ano ou oito meses durante dous anos, consolidará a clasificación profesional superior a que veña ostentando.

b) A mobilidade funcional para a realización de traballos de inferior categoría só poderá ser realizada por necesidades perentorias ou imprevisibles da actividade productiva e polo tempo imprescindible para a súa atención e nunca superior ós tres meses mantendo as retribucións e demais dereitos derivados da súa categoría profesional, transcorrido este período de tempo o traballador será reincorporado o posto de orixe. Esta situación deberá ser comunicada previamente ao representante legal dos traballadores.

Artigo 7.–Xornada de traballo.

A xornada de traballo anual será de 1.710 horas.

O horario será:

Persoal operario:

De luns a xoves, de 8.30 a 13.30 horas e de 15.30 a 18.30 horas, e o venres e vésperas de festivo, de 8.30 a 15.00.

Horario de verán (coincidirá co período da hora de verán establecido no R.D. 236/2002 de 1 de marzo)

De luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.

Dúas tardes por semana de 16.30 a 19.00 horas, rotativa de luns a xoves.

Persoal de administración:

De luns a xoves, de 8.30 a 14.00 horas e de 16.00 a 18.30 horas, e o venres e vésperas de festivo, de 8.30 a 15.00 horas.

Horario de verán (coincidirá co período da hora de verán establecido no R.D. 236/2002 de 1 de marzo).

De luns a venres, de 8.00 a 15.00 horas.

Dúas tardes por semana de 16.30 a 19.00 horas.

Os días de Noiteboa (24 de decembro) e Fin de Ano (31 de decembro) a xornada de traballo rematará as 13.00 horas.

Adaptarase a xornada resultante destes horarios ó cómputo anual establecido.

Artigo 8.–Vacacións.

Tódolos traballadores terán dereito a un período de vacacións anuais de 22 días laborables, con un período que, como mínimo, deberá abarcar 11 días naturais ininterrompidos.

A retribución en período vacacional será: salario base, participación en beneficios, antigüidade, plus de transporte e consumo de auga

Artigo 9.–Festas.

Terán consideración de festas, todas aquelas que regulamentariamente estean determinadas, tamén o día da Patrona que se celebrará o venres da semana do 1 de xuño.

Artigo 10.–Días ponte.

Estableceranse dous días ponte para cada traballador ó ano de maneira que non se afecte a actividade da empresa nestes días.

Os días ponte serán establecidos pola comisión paritaria do convenio dentro do mes de xaneiro de cada ano.

O persoal que en réximen de garda non puidese gozar destes días ponte non deberá recuperar o horario de traballo neles, e percibirá unha compensación económica 125 € para por cada día de ponte non gozado.

Artigo 11.–Licencias e permisos.

O traballador, logo de aviso e posterior xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e períodos seguintes:

15 días naturais en caso de matrimonio.

5 días naturais en caso de falecemento de cónxuxe, fillos, 3 días naturais en caso de falecemento de pais, avós, netos ou irmáns do traballador ou o seu cónxuxe, ampliables a dous días máis en caso de necesitar desprazamento fóra da provincia.

3 días naturais en caso de enfermidade grave ou intervención cirúrxica de cónxuxe ou fillos, pais e irmáns.

3 días naturais polo nacemento de fillo/a.

2 días por traslado de domicilio.

3 días por asuntos propios, previo o aviso de 72 horas, este será debidamente xustificado polo solicitante e aprobado pola dirección.

As referencias que se fan o cónxuxe entenderanse as parellas de feito.

As licencias enténdense vinculadas ó feito causante, debéndose desfrutar ó producirse este.

Artigo 12.-Excedencias.

Os traballadores con un ano de servizo poderán solicitar a excedencia voluntariapor un prazo mínimo de dous anos, e non superior a cinco anos, e non se computará o tempo que dure esta situación para ningún efecto, e sen que en ningún caso se poida producir nos contratos de duración determinada.

As peticións de excedencia serán resoltas pola empresa no prazo máximo de un mes, tendo en conta as necesidades de traballo e procurando despachar favorablemente aquelas peticións que se funden en terminación de estudos, esixencias familiares e outras análogas.

Cando se produza unha excedencia, se se procede a cubrir a vacante, tanto se é con personal de novo ingreso como con persoal xa de cadro de persoal, considerarase que dita cobertura é provisional e, polo tanto, que o reingreso do excedente leva consigo ou a rescisión do contrato do interino ou o reingreso do/da traballador/a do cadro de persoal ao seu posto, lugar e condicións de orixe.

O reingreso nas excedencias é automático. O/a traballador/a deberalle comunicar á empresa o citado reingreso cunha antelación mínima de trinta días antes do seu remate, e volverá entón ocupar o mesmo posto e coas mesmas condicións anteriores.

Artigo 13.-Conceptos retributivos.

As retribucións de cada traballador estarán compostas polo salario base de convenio e os complementos que para cada actividade, categoría ou grupo profesional que se determinan no articulado deste convenio.

O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo interesado

Artigo 14.-Salario base.

Para o ano 2010 o salario base de convenio é o fixado na táboa anexa n.º I.

Os salarios para o ano 2011 serán os acordados nunha futura negociación colectiva, tomando como base as cantidades sinaladas na táboa anexa 1 do presente convenio incrementados na variación real experimentada polo IPC a 31 de decembro de 2010, segundo os datos publicados polo INE".

Artigo 15.-Antigüidade.

Tódolos traballadores afectados por este convenio percibirán en concepto de antigüidade as seguintes porcentaxes sobre o salario base.

0,8% anual durante os dez primeiros anos.

0,4% anual a partir destes.

A data de partida dos premios será a do primeiro de xaneiro ou a do primeiro de xullo, segundo que o ingreso na empresa se producise o primeiro ou segundo semestre do ano.

Artigo 16.-Participación en beneficios.

O persoal acollido a este convenio percibirá, por este concepto, o quince por cento (15%) do importe do salario base máis antigüidade.

A participación en beneficios percibirase mensualmente.

Artigo 17.-Gratificacións extraordinarias.

O persoal comprendido neste convenio, percibirá catro pagas extraordinarias de devengo trimestral, por importe cada unha delas dunha mensualidade, calculada sobre o salario base maila antigüidade, que serán efectivas o 31 de marzo, o 30 de xuño, o 30 de setembro e 22 de decembro.

O cómputo efectuarase do seguinte xeito:

TRIMESTRE	ABONO
Xaneiro, febreiro, marzo	Marzo
Abril, maio, xuño	Xuño
Xullo, agosto, setembro	Setembro
Outubro, novembro, decembro	Decembro

O persoal de novo ingreso, ou que cese durante o primeiro semestre do ano, percibirá unicamente a parte proporcional das pagas extraordinarias de marzo e xuño, que corresponda ó tempo efectivamente traballado. Idéntico criterio aplicarase para o persoal que ingrese ou cese na empresa no segundo semestre do ano, respecto ás pagas extraordinarias de setembro e decembro.

Artigo 18.–Complemento de toxicidade.

O complemento por traballos tóxicos fixarase na cantidade de 27,30 euros mensuais para o empregado que realice o traballo.

Percibirán o dito complemento, aqueles traballadores que efectúen cambio de contenedor ou botellón de cloro, purga de decantadores, preparación de hipoclorito, limpeza de depósitos con ambiente de cloro.

Os demais traballadores que efectúen traballos no abastecemento, saneamento ou depuración de auga con posibilidade de existencia de toxicidade, perceberán un complemento de 13,10 euros mensuais.

Artigo 19.–Plus de transporte.

Durante a vixencia do convenio aboaraselle a cada un dos traballadores da empresa a cantidade de DEZ (10 €) euros mensuais por este concepto, entendéndose, en todo caso, adsorbida calquera cantidade que puidese devengarse en concepto de plus de distancia.

O plus de transporte percibirase mensualmente.

Artigo 20.–Horas extraordinarias.

Poderanse realiza-las horas extraordinarias estruturais necesarias por acumulación de tarefas, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural, por causa da natureza do traballo que se execute.

Dado o carácter de servizo público que ten a empresa afectada por este convenio, de concorrer circunstancias xustificadas que non permitan a suspensión dun traballo ó remate da xornada laboral, o traballador poderá prolongala ata a fin do traballo ou ata ser substituído por outro traballador.

Considéranse circunstancias as de forza maior, substitución de persoal, avarías que requiran reparacións urxentes e outras análogas que pola súa natureza non se poidan aprazar. A empresa procurará en todos os casos en que se poida prever tales necesidades, organizar o réxime de traballo de xeito que poidan cubrirse sen necesidade de prolongación forzosa da xornada. No posible procurárase que o traballador non preste servizos máis de oito horas sen interrupción.

Para efectos de cotización a Seguridade Social, tales horas terán a consideración de estruturais e non entrarán, para efectos de limitación, ó cómputo das conceptuais como horas extras.

As horas extraordinarias remuneraranse co recargo do 75%, 100% e 125% sobre o valor da hora base establecida nas táboas salariais se estas se realizan ata as 22.00 horas dun día laborable, de 22.00 ás 9.00 horas, e en festivos ou fins de semana, respectivamente.

Artigo 21.–Quilometraxe.

Todo traballador que utilice o vehículo da súa propiedade por conta da empresa, percibirá a cantidade de VINTETRES CENTIMOS de Euro kilómetro (0,23 €/km) Será necesaria a aprobación do gasto por parte do responsable correspondente.

Artigo 22.–Comidas.

O persoal que, por necesidades da empresa, teña que comer ou cear fóra do seu domicilio e dentro do termo municipal, aboaraselle a cantidade de DEZ euros (10,00 €), por cada unha das comidas que se vexa obrigado a realizar fóra da casa.

Artigo 23.–Dispoñibilidade personal de rede.

O lúns de cada semana, ata o luns seguinte, estará en dispoñibilidade un traballador de rede que recibirá os avisos que se produzan do centralita receptora de chamadas, debendo acudir a elas coa debida prestancia, para a resolución das citadas situacións. O tempo efectivamente traballado fóra da xornada será retribuído como horas extraordinarias.

Esta dispoñibilidade será rotativa e obligatoria entre todos os traballadores de red. A retribución por esta dispoñibilidade será de 150 €/semana.

Os días non laborables este traballador realizará, polas diversas instalacións do servizo unha ronda de vixilancia e mantemento. Os horarios e tarefas serán fixados polo xefe de servizo en cada momento.

No caso de avarías dunha grande entidade ou que poidan causar un importante deterioro na imaxe do servizo, a Xefatura do mesmo poderá determinar, se fose preciso, a localización de persoas de apoio para axudar a súa reparación, no suposto de que o persoal de garda non fose suficiente para elo.

Artigo 24.–Quebranto de moeda.

A empresa no exime da obrigación de repoñer posibles pérdas de diñeiro a aqueles traballadores que a súa función leve implícito o manexo do diñeiro.

No obstante, como compensación do anterior, aboaraselle a cada un destes traballadores a cantidade de 19,60 euros mensuais.

Artigo 25.–Consumo de auga.

Todos os traballadores de AUGARSA percibirán a cantidade de 14€/mensuais en concepto de aportación polo consumo de auga.

Artigo 26.–Anticipos reintegrables.

Tódolos traballadores afectados polo convenio poderán solicitar, con cargo ó fondo establecido neste artigo, anticipos reintegrables que serán concedidos pola dirección da empresa.

A forma de amortización será:

UNHA mensuralidade a amortizar en DOCE meses.

DÚAS mensuralidades a amortizar en VINTECATRO meses.

Estabelécense 1.500,00 € como cantidade máxima a solicitar por anticipo e solicitante.

Terán prioridade para a concesión dos anticipos reintegrables aqueles traballadores que non solicitaran nunca o mesmo, ou que de facelo, deixaran transcurrir máis tempo dende o pago da última amortización.

A empresa destinará á esta fin a cantidade de 3.000,00 €.

Consideraranse incluídas no fondo de cada ano, as cantidades pendentes de reintegrar dos anticipos concedidos nos exercicios anteriores.

Artigo 27.–Fondo social.

O importe do fondo social para axuda de estudos, cultura deporte, turismo social, etc., con destino a todos os traballadores será de 1.500 €/ano

O destino deste fondo social será establecido pola comisión paritaria do convenio.

Artigo 28.–Situación de incapacidade temporal.

A empresa aboaralles a tódolos traballadores durante a situación de I.T. derivada de accidente de traballo e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do salario base, participación en beneficios, antigüidade e parte proporcional das pagas extras.

De igual forma, complementarase ata o 100% do salario base, participación en beneficios, antigüidade, e parte proporcional das pagas extras nos casos de hospitalización e mentres dure esta.

Asimesmo, a empresa aboaralles a tódolos traballadores durante a situación de I.T. derivada de enfermidade común e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do salario base, participación en beneficios, antigüidade, e parte proporcional das pagas extras, sempre que o índice de absentismo no trimestre anterior sexa inferior o 3%. Entenderase por absentismo global aos efectos deste artigo as ausencias, baixas por continxencias profesionais e baixas por continxencias comúns.

Os traballadores/as subrogados de aquagest manterán a compensación por I.T. do 100% no caso de enfermidade común e accidente non laboral, sen aplicación dos criterios limitativos anteriores en razón da porcentaxe de absentismo total.

Artigo 29.–Retirada do permiso de conducir.

No suposto de que a un traballador, realizando o seu cometido cun vehículo da empresa e cumprindo a función que lle foi asignada, se lle retirara o permiso de conducir, a empresa o acomodará a outro posto de traballo axeitado as súas facultades e se respectará a retribución da súa categoría profesional, por un máximo de 1 ano. Ó remate da suspensión será reintegrado ó seu posto de traballo.

Estes beneficios non terán lugar cando a causa da retirada do permiso de conducir se deba a imprudencia temeraria, embriaguez ou drogadicción, ou cando exista reincidencia.

Artigo 30.–Seguro de accidentes.

A empresa comprométese a subscribir unha póliza de accidentes de traballo que lle garanta a cada traballador as seguintes indemnizacións:

a) En caso de falecemento por accidente de traballo ou enfermidade profesional TRINTA MIL euros (30.000 €).

b) En caso de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional TRINTA MIL euros (30.000 €).

Artigo 31.-Roupa de traballo.

Subministraraselle a todo o persoal as necesarias e habituais roupas de traballo, quedando determinada a súa entrega na forma seguinte:

- Camisa de manga curta: 2 ó ano.
- Camisa de manga longa: 2 ó ano.
- Pantalón: 4 ó ano.
- Calzado de seguridade: 2 pares ó ano.
- Anorak: 1 cada dous anos.
- Chaqueta curta: 2 ó ano.
- Roupa de auga (cando o posto de traballo así o requira)
- Luvas de caucho: segundo necesidades.
- Botas de auga: 1 par ó ano.
- Chaleco: 2 o ano.
- Gorra: 2 o ano.

A utilización da roupa de traballo será obrigatoria durante o desempeño da actividade laboral.

O persoal de rede que teña que desenrollar o seu traballo en pozos, arquetas ou zanzas da rede de abastecemento ou saneamento tendrá dereito ao servizo de lavandería a cargo da empresa dous días á semana.

O servizo de lavandería será para as seguintes prendas: pantalón, chaquetilla e camisa.

Artigo 32 .-Cota sindical.

A empresa, previa solicitude do interesado, efectuará as retencións pertinentes pola cuota sindical.

Artigo 33.-Seguridade e saúde laboral.

Será de aplicación a lexislación vixente sobre seguridade e saúde laboral, e ámbalas partes velarán polo seu estricto cumprimento.

Artigo 34.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non recollido no presente convenio, estarase ao disposto no estatuto de trabadores e convenio colectivo estatal de augas e demais normas vixentes aplicables.

Artigo 35.-Subrogación.

Se rematase a concesión do servizo os/as traballadores/as de Augarsa pasarán a estar adscritos ao novo titular da concesión, que se subrogará en todos os dereitos e obrigas do anterior adxudicatario verbo dos/as seus traballadores/as, calquera que sexa a modalidade do seu contrato de traballo.

Outras disposicións

Disposición adicional.-Condicións máis beneficiosas.

Tódalas cláusulas económicas, ou de calquera índole, contidas en este convenio, estimadas no seu conxunto, establecense co carácter de mínimas, polo que outros pactos, cláusulas ou situacións actualmente vixentes que impliquen condicións máis beneficiosas que as convidas serán respectados.

TÁBOA ANEXA I

RETRIBUCIÓN	€/MES	€/ANO	H/ORDINARIA
GRUPO I			
PEÓN/PEÓN ESPECIALISTA	868,42	15.457,94	9,04
GRUPO II			
AUX. ADMINISTRATIVO	924,79	16.461,30	9,63
OF 2.ª. ADMINISTRATIVO	956,68	17.028,96	9,96
OF 1.ª. ADMINISTRATIVO	999,84	17.797,17	10,41
LECTOR	900,59	16.030,46	9,37
OF. 1.ª OPERARIO	1.032,46	18.377,77	10,75
OF. 2.ª OPERARIO	977,78	17.404,50	10,18
OF. 3.ª OPERARIO	884,51	15.744,20	9,21